



GRUPO MUNICIPAL

LUÍS REI NÚÑEZ, portavoz do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Pleno do Concello a seguinte PROPOSICIÓN, instando á Xunta de Goberno Local **A NON ASINAR EN 2017 O DENOMINADO “CONTRATO PRIVADO DE ARRENDAMENTO MEDIANTE PROCEDIMIENTO DIRECTO DA PRAZA DE TOUROS PARA ESPECTÁCULOS NON TAURINOS”**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Xunta de Goberno Local (XGL) teima en asinar cada ano un contrato coa empresa da praza de touros. A cantidade que lle custa ás arcas públicas non aparece con consignación propia nos Orzamentos xerais do Concello, senón que hai que atopala “camuflada” no capítulo 2, dentro da partida denominada “Festas populares-verán cultural”, que en 2017 alcanza un total de 940.000 euros. Aí se imputaron as cantidades de 42.500 euros en 2015, e de 38.500 euros en 2016.

Pendente de concretar a cantidade que este ano se destine ao efecto, o contrato réxese por un prego de condicións que, entre outras cláusulas moi vantaxosas para a empresa, inclúe o compromiso do Concello de correr co importe dos gastos orixinados pola organización dos actos, de satisfacer todos os impostos, arbitrios, taxas, contribucións e tributos que graven eses actos, de entregar á empresa as localidades do Palco, e de ceder a explotación do servizo de bares e bebidas dos espectáculos que organice o Concello, que será por conta, a cargo e beneficio da empresa da praza; que, ademais, se reserva o dereito a bloquear, por dereito exclusivo e preferente, as datas da primeira quincena de agosto nas que organiza as corridas de touros da Feira da Peregrina.

Pola súa banda, o Concello obtén a cesión da praza fóra desas datas, algo que soamente se está traducindo no seu uso durante a Feira Franca, un evento que se celebra na primeira fin de semana de setembro.

Paradoxalmente, o Concello non fai valer que os terreos onde se ergue a praza, desde a súa construción en 1896, son de titularidade municipal, nin tampouco que, desde 1954, é propietario dunha doceava parte indivisa do edificio, conforme acreditan unha escritura de compra-venda (de 1954, outorgada ante o notario José Ignacio González del Valle Llaguno) e o correspondente asento no Rexistro da Propiedade de Pontevedra: tomo 405, libro 136, folio 206, finca 10232.

Dado que setembro é un mes, e que un mes é unha doceava parte do ano, non deixa de resultar estraño que o Concello pague polo uso, precisamente durante unha doceava parte do tempo, dun ben do que é titular dunha doceava parte. E tampouco non deixa de resultar estraño que o importe supoña unha cantidade que multiplica cinco ou seis veces o alugueiro tanto de prazas portátiles coma de prazas permanentes de grande aforo. Isto invita a pensar que o que se presenta como un contrato de arrendamento é, en realidade, unha **subvención encuberta** das corridas de touros, un espectáculo por cuxa desaparición avoga boa parte da opinión pública.

Proba evidente dese repudio foi a iniciativa “Por unha Pontevedra libre de corridas de touros”, promovida en 2015 pola Asociación Animalista LIBERA!, apoiada por **máis de 82.000 sinaturas** (entregadas no rexistro do concello o 8 de xuño de 2016), e a campaña “Pontevedra, quérote sen touradas” no portal change.org que leva en 2017 xa recollidas máis de 102.300 sinaturas.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA presenta diante do pleno a seguinte

PROPOSICIÓN:

Instar á Xunta de Goberno Local a non subscribir en 2017 o denominado *Contrato privado de arrendamento mediante procedemento directo da Praza de Touros para espectáculos non taurinos.*

Pontevedra, 5.6.2017

Luís Rei Núñez. Portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra